

### O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica unha selección de estatísticas históricas.

A selección, que pode consultarse na páxina web do IGE ([http://www.ige.eu/estatico/historia/Presentacion\\_Indice.pdf](http://www.ige.eu/estatico/historia/Presentacion_Indice.pdf)) abrangue as áreas de demografía, actividade económica e infraestruturas, a través de estudos de referencia que se estenden desde finais do S. XVI ata finais do XIX.

En demografía preséntanse os datos relativos a Galicia co detalle da poboación nos anos 1591 (“Censo de los millones”) e 1787 (Censo de Floridablanca).

O “Censo de los Millones” foi unha iniciativa de carácter estritamente recatorio para repartir entre os veciños o “donativo” de oito millóns de ducados para facer fronte ás perdas da Armada Invencible. O censo non achega información de persoas, senón de veciños “pecheros”, é dicir, veciños obrigados a contribuír. A través deste traballo sabemos que en Galicia se contabilizaba un total de 116.388 veciños, repartidos entre cinco provincias (Coruña-Betanzos, Santiago de Compostela, Mondoñedo, Ourense e Tui), máis o Bispado de Lugo. Tamén que Vigo tiña tan só 845 veciños e Santiago 984, menos dos 1.144 de Salvaterra ou dos 3.620 do Partido de Celanova.

O Censo de 1787, foi levado a cabo, baixo as instrucións do Conde de Floridablanca, “... *por la Justicia por sí , ó por Diputados del Ayuntamiento, acompañados del Cura, visitando todo el Pueblo, ó por Parroquias, calle ita formando lista del número de almas ó individuos de cada casa..., conforme a la edad de cada uno poco mas ó ménos, y con expresión del oficio que ejerce, sin tomar sus nombres*”. O censo no Reyno de Galicia deu como resultado un “*Total general de 1.345.803 almas*”, repartidas entre 3.683 parroquias, e cunha estrutura de idades, na que preto do 20% non pasaba dos 7 anos, e outro 17% tiña entre 7 e 16.

Mentres se viñan facendo os censos de poboación, movidos sobre todo por intereses fiscais, as estatísticas de actividade económica aparecen máis dispersas e sen unha estrutura uniforme.

As Memorias Económicas de Eugenio Larruga son una boa mostra, mesturando referencias estatísticas con consideracións máis propias da xeografía ou da organización das actividades de fomento. Larruga dedica a Galicia os tomos 41 a 45, nos que se inclúen 17 Memorias que recollen os aspectos máis variados da actividade económica de finais do S. XVIII. O IGE publica algunhas destas Memorias, seleccionadas co criterio de representación dos diferentes sectores de actividade (Agricultura, Industria Manufactureira, Comercio).

Un interese histórico especial ten a Memoria que recolle os datos da Balanza do comercio de España a través das Aduanas do Reyno de Galicia, con detalle das importacións, exportacións e saldos por produtos e países. Así constan, por exemplo, as entradas de produtos lácteos dende Holanda (3.422 arrobas de queixo e 3.125 libras de manteiga no ano 1792, cun valor en conxunto de 162.770 reais de vellón), ou as de bacallau dende Noruega (4.200 arrobas no mesmo ano, por valor de 56.333 reais).

Na segunda metade do S. XIX séntanse as bases da estatística moderna e toma corpo a organización dos correspondentes servizos ligados á estrutura administrativa do Goberno; os intereses fiscais-recadatorios das bases contributivas complementábase coa necesidade de formar un inventario da riqueza e dos recursos do país. Desta etapa o IGE selecciona e presenta a información relativa a Galicia de dous traballos singulares, referido un á riqueza pecuaria e o outro ás infraestruturas.

O *“Avance de la riqueza pecuaria en 1891”* contén información detallada dos censos das diferentes especies, por partidos xudiciais e concellos. Tamén recolle unha relación completa das feiras e mercados locais co estado numérico da concorrencia de reses. O traballo inclúe unha descrición dos sistemas produtivos, así como a formulación primaria de contas de explotación para diferentes especies.

O último traballo seleccionado e publicado polo IGE na súa páxina web refírese ás infraestruturas, unha materia con escasa presenza nas estatísticas da época. O Informe sobre o *“Plan General de FF-CC de 1865”*, elaborado pola *“Junta de Estadística”*, permite unha aproximación ás propostas e contrapropostas relativas á planificación dos ferrocarrís en Galicia, informando sobre os trazados e o carácter subvencionable ou non das liñas da Rede Noroeste. A Junta de Estadística analiza así diferentes tramos do hoxe coñecido como *“Eixo Atlántico”* (Redondela-Pontevedra, Pontevedra-Carril, Santiago-Coruña, Betanzos-Ferrol,...) e tamén os entronques coas liñas centrais da rede.

A publicación que se presenta será ampliada con sucesivas seleccións de traballos de referencia, contribuíndo así a un dos obxectivos do Plan de Estatística de Galicia *“de impulsar a investigación estatística, tanto nos aspectos metodolóxicos e históricos, como noutros ámbitos de interese para a Comunidade Autónoma”*.

Santiago, febreiro de 2014